

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP de CEDEIRA

CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIA: LINGUA E LITERATURA CASTELÁ

DEPARTAMENTO:

DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Mínimo esixible
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións. LCB1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita, espera de quendas	Verbaliza as súas propias vivencias. Respecta a quenda de palabras.
B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativo destes. LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel	Integra o verbal e o non verbal na comunicación. Pronuncia de forma clara.
B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións de aula.	LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: - diálogos - exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.	Realiza as situacións de comunicación propostas expresándose con claridade e coherencia.
B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.	LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel. LCB1.4.2. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras	Emprega o vocabulario adecuado á súa idade. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras
B1.5. Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e	LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social. LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos	Comprende o sentido de textos orais. Recoñece a tipoloxía de textos orais: cartas, anuncios, folletos...

prescritivos).	<p>atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos....</p> <p>LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.</p>	Responde preguntas correspondentes á comprensión de forma literal.
B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación	<p>LCB1.6.1. Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.</p> <p>LCB1.6.2. Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.</p>	<p>Utiliza seguindo pautas orais medios audiovisuais e dixitais para obter información.</p> <p>Recoñece as ideas xerais dunha reportaxe audiovisual.</p>
B1.7. Reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses	LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.	Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios moi breves.
B1.8. Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís.	LCB1.8.1. Adecúa a entoación, o volume e o xesto á representación dramática.	Adecúa a entoación á representación dramática.
B1.9. Producir textos orais breves, imitando modelos a atendendo á forma e a intención comunicativa.	<p>LCB1.9.1. Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas....</p> <p>LCB1.9.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.</p>	<p>Elabora textos orais sinxelos de forma coherente.</p> <p>Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.</p>
B1.10. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	LCB1.10.1 Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
B1.11. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	LCB1.11.1 Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión	Escoita e pregunta se é necesario durante unha conversa para asegurar a comprensión.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER		
B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil.	<p>LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.</p> <p>LCB2.1.2. Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.</p>	<p>Le con pronunciación adecuada.</p> <p>Le en silencio.</p>
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.	<p>LCB2.2.1. Identifica o tema dun texto sinxelo.</p> <p>LCB2.2.2. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).</p>	<p>Identifica o tema nun texto sinxelo.</p> <p>Distingue textos descritivos, narrativos e dialogados.</p>
B2.3. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.	<p>LCB2.3.1. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.</p> <p>LCB2.3.2. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes.</p> <p>LCB2.3.3. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.</p>	<p>Utiliza anteriores pautas orais para comprender un texto.</p> <p>Escribe posibilidades sobre o contido do texto a partires das ilustracións.</p> <p>Relaciona a información das ilustracións co texto.</p>
B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	<p>LCB2.4.1. Dedita, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria.</p> <p>LCB2.4.2. Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.</p>	<p>Le por pracer.</p> <p>Explica as súas preferencias lectoras.</p>
B2.5. Usa, de xeito guiado, a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses.	<p>LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre libros do seu interese.</p>	<p>Usa a biblioteca como fonte de lecer.</p>

B2.6. Mostrar interese por ter unha biblioteca propia.	LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.	Coida e conserva os libros da biblioteca de aula.
B2.7. Identifica, con axuda, a estrutura básica de diferentes textos lidos.	LCB2.7.1. Diferenza, con axuda, entre información e publicidade.	Diferenza, usando pautas orais, entre información e publicidade.
B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.	LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.	Utiliza, seguindo pautas orais, as TIC para buscar información.
BLOQUE 3. Comunicación escrita: escribir.		
B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas (informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios...	Escribe, con axuda, diferentes textos atendendo á súa intención comunicativa e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas (uso da maiúscula, de punto, caligrafía clara e orde na escrita).
B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	Valora a súa produción escrita sen amosar reticencias a compartila en público.
B3.3. Aplicar, de xeito guiado, todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.	LCB3.3.1. Utiliza borradores que amosan a xeración e selección de ideas e a revisión ortográfica na escritura de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal, social e escolar.	Utiliza borradores preva escrita de textos sinxelos..
B3.4. Elaborar, de xeito guiado, proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.	LCB3.4.1. Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas sobre experiencias realizadas: plantar fabas, cría de vermes de seda.... LCB3.4.2. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.	Completa gráficas sobre experiencias realizadas. Completa e presenta textos sinxelos e ilustrados.

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA		
B4.1. Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, (categorías gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.	Utiliza categorías gramaticais básicas.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.1. Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral e escrita. LCB4.2.2. Forma palabras compostas a partir de palabras simples.	Utiliza sinónimos na expresión escrita e oral. Forma palabras compostas a partir de palabras simples.
B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.	Utiliza correctamente os puntos e separa as palabras na escrita.
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua	LCB4.4.1. Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita. LCB4.4.2. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas. LCB4.4.3. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.	Aplica a concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita. Utiliza correctamente o punto. Escribe oracións con suxeitos e predicado en concordancia.
B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe	LCB4.5.1. Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais.	Utiliza en base a axudas orais, distintos programas educativos dixitais.
B4.6. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.	LCB4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	Identifica similitudes e semellanzas léxicas entre o galego e o castelán.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA		
B5.1. Valorar textos como fonte de lecer e información.	LCB5.1.1. Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas	Trae a aula textos propios da literatura infantil froito das súas pescudas.
B5.2. Iniciar a lectura e expresiva de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	LCB5.2.1. Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. LCB5.2.2. Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións)	Le, de forma suxerida, textos narrativos sinxelos. Interpreta, con axudas orais, a linguaxe figurada dos textos.
B5.3. Valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.	LCB5.3.1. Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas	Coñece de memoria adiviñas, refráns, cancións, contos e poemas.
B5.5. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos e poemas.	LCB5.5.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados	Compón a partir de pautas pequenos contos.
B5.6. Reproducir textos literarios breves e moi sinxelos adaptados á súa idade.	LCB5.6.1. Reproduce textos orais moi breves e sinxelos: cancións e poemas	Reproduce cancións e poemas.
B5.8. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoa	LCB5.8.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.	Valora a literatura en calquera lingua

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p><u>Procedementos:</u></p> <p>Seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do 3º trimestre do vindeiro curso académico, o traballo do 3º trimestre non será avaliado do mesmo xeito que a avaliación presencial do 1º e 2º trimestre.</p> <p>A 3º avaliación estará enfocada a labores de reforzo, repaso e recuperación. Polo tanto a avaliación do 3º trimestre servirá exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.</p> <p>Terase en conta a revisión e valoración do traballo feito polo alumnado, participación nas videochamadas grupais (tendo en conta as situacións de cada familia para tal fin), valoración da participación en actividades propostas polo centro, valoración da participación nos retos semanais, valoración de actividades dos contidos traballados no 1º e 2º trimestre .</p> <p>Ademais temos en conta, seguindo a lexislación vixente, que a avaliación é continua, sumativa e globalizada.</p> <p><u>Instrumentos:</u> caderno da titora (registro de seguimento, esforzo, progreso, dificultades, participación nas tarefas propostas neste 3º trimestre) , rúbricas das diferentes unidades traballadas no 1º e 2º trimestre, ficha de seguimento do alumnado.</p>
Cualificación final	<p>Para obter a cualificación final nesta área terase en conta a cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación, así como a evolución, o grao de seguimento do curso ata o 13 de marzo, e o grao de seguimento das tarefas propostas durante o terceiro trimestre, tendo en conta que este último punto será valorado sempre positivamente e non perxudicará a súa nota final.</p> <p>O procedemento para obter a cualificación final de curso será ter en conta as cualificacións do 1º e 2º trimestre. Só variará nos casos onde é preciso recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.</p> <p>Á hora de avaliar ao alumnado, ademais de ter en conta os criterios de avaliación tamén temos presente</p>

	<p>as aptitudes e actitudes amosadas polo alumnado no 1º e 2º trimestre, seguindo os seguintes criterios de cualificación:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. 20% <ul style="list-style-type: none"> ▪ Respecta ao profesorado ▪ Respecta aos compañeiros ▪ Mantén o material en bo estado. ▪ Respecta as quendas: entradas, saídas... 2. 10% <ul style="list-style-type: none"> ▪ Mantén unha actitude de respecto nas clases (silencio, atención ás explicacións...:) ▪ Amosa actitude de traballo, esforzo, interese. ▪ Fai as tarefas mantendo a orde a limpeza. ▪ Remata as tarefas a tempo. <p>CUALIFICACIÓN FINAL (100%) = 70 % criterios de avaliación + 30% criterios de cualificación.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Plan de Reforzo Individualizado para o alumnado con materias non superadas.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Os mesmos que o alumnado que superou todas as materias (expostas anteriormente).</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: <u>Adaptación</u> das técnicas e instrumentos de avaliación, ao igual que o alumnado que superou todas as materias (incluído no Plan de Reforzo Individualizado). As materias non superadas da primeira e/ou da segunda avaliación poderán recuperarse co traballo realizado no 3º trimestre.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades propostas deberán ir dirixidas a axudar a manter os hábitos e o proceso de aprendizaxe, polo que serán actividades que cheguen a todo o alumnado e que estén orientadas ó desenvolvemento das competencias , nesta área, en particular, ó desenvolvemento da competencia lingüística.</p> <p>Proporanse actividades en diferentes soportes, como o dixital e interactivo, propoñendo iniciativas que favorezan o desenvolvemento lingüístico.</p> <p>Serán actividades con diferentes graos de realización e dificultade, actividades diversas para traballar un mesmo contido, actividades de reforzo dos obxectivos mínimos e prioritarios, actividades que permitan repasar, reforzar e/ou ampliar os contidos traballados na aula ata o peche dos centros.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía será significativa e motivadora, evitando así caer na repetición e na monotonía á que pode levar o traballo individual na casa.</p> <p>Terase en conta as situacións familiares neste contexto e potenciarase a equidade para todo o alumnado, xa que non sería xusto promover un tipo de aprendizaxe donde non poida acceder todo o alumnado.</p> <p>A interacción entre alumnado e profesor será continua, pondo a disposición das familias e do alumnado o contacto telefónico da titora para calquer aclaración ou dúbida, un correo electrónico que serve para comunicarnos e como vía de entrega e corrección das tarefas propostas, promovendo unha aprendizaxe cunha retroalimentación, que dará significado a esta situación.</p> <p>Ademáis como elemento motivador e espazo de unión entre o alumnado e mestra, subíronse a páxina web do cole unha serie de vídeos como retos semanais.</p> <p>O seguimento titorial e o apoio emocional ó alumnado e as súas familias son de gran relevancia neste contexto.</p>
Materiais e recursos	<p>Empregaranse materiais e recursos en liña postos a disposición do profesorado para estes momentos <u>excepcionais</u>, o libro do alumando, fichas interactivas, páxinas web.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O contacto da titora coas familias e o alumnado é por varias vías , ben a través do teléfono, donde as familias e alumnado o empregan en caso de dúbida ou aclaración, no momento que o precisen,co correo electrónico, dende abalar e nas videoconferencias.</p> <p>Desta maneira preténdese recibir e dar información sobre a evolución e o traballo dos nenos e das nenas nestes meses.</p>
Publicidade	<p>A programación está publicada na páxina web do centro.</p> <p>En canto á publicidade das propostas a nivel centro, durante este tempo, tamén se atopan na páxina web, nos espazos creados durante este periodo “os noso alumnos teñen moito que dicir”, iniciativas polo Día do libro ou iniciativas creativas.</p>